

BADIOU, Alain: *La filosofía, otra vez*, ed. e trad. cast. Leandro García Ponzo, Errata naturae editores, Madrid, 2010, 149p.

Esta recompilación de textos, prologada cun estudo introdutorio de García Ponzo, é unha boa introdución á filosofía de Alain Badiou, tanto para lectores descoñecedores do contido, estilo e dirección do seu pensamento, como para aqueles que, coñecendo a súa obra en profundidade (fundamentalmente *O ser e o acontecemento* –1988– e *Lóxica dos mundos. O ser e o acontecemento*, 2 –2006–) precisan dunha visión global e contextual, desde dentro de si mesma. A orixe “oral” de cada texto (pronunciado en diferentes lugares baixo as modalidades de conferencia, curso, seminario) proporcionalles unha viveza que responde a unha vocación non só de actualidade, senón, sobre todo, utilidade nun contexto de ameaza global (externa e interna) á profesión filosófica.

“El deseo de filosofía y el mundo contemporáneo” é o primeiro texto. Para Badiou o desexo de filosofía ten catro dimensións: revolta (descontento do pensamento), lóxica (crenza no poder do argumento e a razón), universalidade (a filosofía diríxese a todas as persoas e presupón que todas pensan), risco (pensar é unha decisión sometida ás circunstancias ou ao azar). O mundo contemporáneo exerce unha intensa presión sobre estas catro dimensións. Xa que logo, o desexo de filosofía encontra catro obstáculos: o reinado das mercadorías, o imperio da comunicación, a necesidade de especialización técnica, a obriga de cálculos realistas sobre a seguridade. As principais correntes filosóficas responden a este cuádruplo desafío? Están á súa altura? Mais, cales son estas “principais” tendencias? Con espírito didáctico, Badiou describe tres: a hermenéutica que procede do romanticismo alemán (Heidegger, Gadamer); a filosofía analítica orixinada no Círculo de Viena (Wittgenstein, Carnap); a corrente posmoderna (Derrida, Lyotard, entre outros). Estas tres orientacións comparten dous axiomas: a metafísica da verdade tornouse imposible (a filosofía non pode pretender ser unha busca da verdade); a linguaxe é o lugar crucial do pensamento porque nel está en xogo a pregunta polo sentido (que rempraza á clásica pregunta pola verdade). Para Badiou estes dous axiomas representan un perigo real para o pensar en xeral e para a filosofía en particular. Estes axiomas son incapaces de darlle á filosofía os medios para soster o seu desexo baixo a cuádrupla forma da revolta, a lóxica, a universalidade, o risco. Dentro do

---

Recibido: 13/09/2014. Aceptado: 22/09/2014.

marco das opcións hermenéutica, analítica, posmoderna, as posibilidades da filosofía están demasiado comprometidas coa equivocidade do sentido e a pluralidade das linguaxes. Son excesivamente compatibles co mundo contemporáneo como para estar en condicións de soster a ruptura ou a distancia que a filosofía necesita. Dito outramente, a filosofía debe propor un principio de interrupción: un elemento que se presenta ao pensamento sen ningunha outra condición que si mesmo, e que non é intercambiable nin susceptible de ser posto en circulación. En ausencia dun punto deste tipo (ou dun requisito incondicionado) todo o que hai é circulación de: coñecemento, información, mercadorías, diñeiro, imaxes. Para Badiou a dirección para encontrar outro estilo filosófico debe partir de dúas ideas simples: a linguaxe non é o horizonte do pensamento; o papel irreductible da filosofía consiste en establecer dentro do discurso un punto fixo (de interrupción, descontinuidade) que sosteña o desexo de filosofía nun tempo histórico-productivo acelerado, xa que logo, inconsistente no que atinxe ao pensar. Este empeño supón reconstruír a categoría de verdade, que está a padecer dúas enfermidades: o relativismo lingüístico e o pesimismo histórico. Enfermidades que, pese ás aparencias, non son mortais. Por que? Porque a xente pide un pouco de filosofía, o mundo reclama algo de filosofía (malia a morbosidade imaxinaria que habita no seu interior, e os heraldos que, desde o exterior, reclaman a súa desaparición). Catro razóns fan crer a Badiou que o mundo pide filosofía. Primeira: a filosofía é capaz de pronunciar e pensar o singular, que o sistema xeral do aparello das ciencias humanas non ten como vocación (hoxe sabemos que as ciencias humanas xa non poden substituír á filosofía). Segunda: tras a ruína das grandes empresas colectivas e forzas emancipatorias, o filósofo está obrigado a enfrontarse ao inhumano, tomar decisións e falar no seu propio nome: o retorno á ética significa á volta a un principio incondicionado (necesario para regular a decisión e o asentimento); polo tanto, o retorno materialízase como un compromiso do filósofo coa dimensión da verdade. Terceira: diante do advento das paixóns reaccionarias e arcaicas (culturais, relixiosas, nacionais, racistas) á filosofía solicítaselle dicir “onde está a razón” (p. 64) e o que a racionalidade contemporánea podería ser (dito doutro xeito: a filosofía debe reiterar, nas condicións deste tempo histórico, o que xa resolvera noutro tempo). Cuarta: nun mundo precario, vulnerable, inestable, no que se acepta a economía liberal ou a democracia representativa, requírese que a filosofía descodifique o acontecemento sen a ansiedade inherente a el, que detecte a singularidade irreductible do que pasa, que se deixe traspasar polo pensamento da sorpresa do inesperado.

O segundo texto, “El filósofo como vigilante nocturno”, é unha reflexión sobre as condicións nas que exercer, na actualidade, o exercicio teórico da filosofía e a serie de posibles camiños que se abren no inmediato porvir. Badiou examina varios tópicos histórico-epistemolóxicos: a idea do final da filosofía (como idea positiva, ou medio retórico, para introducir novas maneiras, e obxectivos, dentro da filosofía); o pasado como futuro da filosofía (a repetición dun “mesmo” que sempre retorna); a filosofía como coñecemento reflexivo teórico e práctico (desenvolvido na escola por un filósofo profesional, o profesor); a filosofía como un modo de conversión radical de vida (realizado sen dirección profesoral) que emprega medios racionais —amorosos, políticos, artísticos, científicos— sen confundirse con eles; a filosofía como unha loita política no campo teorético (que introduce unha división dentro das opinións). Esta serie de *topos* aluden a unha práctica teórica ben clara: a filosofía é o acto de reorganizar todas as experiencias, teóricas e prácticas, que propón unha nova división normativa e produce como efecto o volteo dunha orde intelectual establecida, e promove novos valores máis alá dos comúns. Esta é a razón pola que existe, en filosofía, unha repetición creativa.

O terceiro artigo, “Los aventureros del concepto. Panorama de la filosofía francesa contemporánea” intenta dilucidar que sucedeu en Francia, no campo da filosofía, entre 1940 e o fin do século XX (dito doutro xeito, entre Sartre e Deleuze). Catro preguntas estruturan a indagación de Badiou: a cuestión da orixe, das operacións filosóficas máis importantes, a do vínculo da filosofía coa literatura e a psicanálise. Para pensar a orixe, Badiou remóntase ao inicio do século XX. Atopa unha figura dividida e dialéctica da filosofía francesa: unha filosofía da vida e unha filosofía do concepto. Este problema entre vida e concepto será o problema central da filosofía francesa da segunda metade do século XX. Nesta discusión irrompe outra: a do suxeito. Por que? Porque un suxeito humano é, simultaneamente, un corpo vivinte e un creador de conceptos. Constitúese, xa que logo, un campo de batalla arredor do suxeito: interrógaselle sobre a súa vida (subxectiva, animal, orgánica); e tamén inquíreselle sobre o seu pensamento, capacidade creadora e de abstracción. A relación entre corpo e idea, vida e concepto, organiza o devir da filosofía francesa. A respecto da segunda cuestión, as operacións intelectuais comúns a estes filósofos franceses, Badiou atopa catro. A primeira é unha operación francesa sobre os filósofos alemáns (Kojève le a Hegel; os xóvenes dos anos trinta e corenta aterran en Husserl e Heidegger; Deleuze e Foucault afondan en Nietzsche). A finalidade é atopar unha nova relación entre o concepto e a existencia (esta relación toma tres

nomes: desconstrucción, existencialismo, hermenéutica). A segunda é unha operación relativa á ciencia: consiste en desprazala do campo do coñecemento ao da creación e, finalmente, aproximala, de modo progresivo, ao campo da actividade artística. A terceira é unha operación política: Sartre, o Merleau-Ponty de posguerra, Foucault, Althusser, Deleuze, foron activistas políticos que buscaban unha nova relación entre o concepto e a acción colectiva. A cuarta é unha operación moderna: modernizar a filosofía rastrexando as transformacións artísticas (pintura non figurativa, novas músicas e teatro, novela policial, cinema, entre outras), culturais (sexualidade), sociais (novos estilos de vida), coa finalidade de trabar unha nova relación entre o concepto e o movemento das formas. Precisamente, neste punto, Badiou aborda a terceira cuestión: o vínculo entre filosofía e literatura. Materialízase no proxecto de desprazar o concepto inventando novas formas filosóficas de lingua, escrita. Por exemplo, a través dunha escrita entre literaria e filosófica, indiscernible entre ambas as dúas, que trata de “dicir” o novo suxeito, de crear en filosofía a nova figura do suxeito que non pode ser o suxeito racional cartesiano ou o suxeito reflexivo kantiano, senón algo máis escuro (vinculado ao corpo) e menos distinto (ancorado nunha vasta e ignota inconsciencia). Un suxeito que é produción e concentra “en si” forzas máis vastas. Aquí Badiou arriba á cuarta e última cuestión: a psicanálise. Esta convértese nun interlocutor válido porque Freud xa mostrara que o suxeito era máis vasto que a conciencia, que a abranguíña sen esgotarse nela. En suma, “os aventureiros do concepto” nomea un conxunto de filósofos que non pretenden emular a figura do sabio, senón, “interpretar” (representar, ensaiar) os “nomes” do escritor combatente, o artista do suxeito, o amante da creación, o militante filosófico.

O cuarto texto, “La filosofía, la democracia y la comedia del presente”, analiza *O balcón*, obra de Jean Genet, e o quinto “Cuerpos, lenguajes, verdades” expón, dun xeito condensado, varios aspectos da empresa filosófica de Badiou que el mesmo, logo de moitas dúbidas, nomea como “dialéctica materialista”. Por que este nome “inactual”? Porque a súa meta é unha crítica filosófica completa do materialismo democrático (que ensina a correlación entre vida e individuos) a través da ferramenta da dialéctica materialista (que promove a correlación entre verdades e suxeitos). Neste texto hai indicacións valiosas (pola súa condensación, aquilatación) dos conceptos badiouianos de verdade, liberdade, vida. O último artigo, “La confesión del filósofo”, é un valioso autorretrato, unha confesión autobiográfica. Ten dous trazos salientables. O primeiro é un exercicio de autoaclaración do seu programa filosófico reducido a unha máxima: transformar a noción de

verdade de tal xeito que obedeza á máxima igualitaria. De aí que a verdade deba posuír tres atributos: toda verdade é nova, dela depende un xurdimiento, non unha estrutura (doutrina do acontecemento, dimensión ontolóxica); toda verdade é universal –igualitaria, anónima– (dimensión xenérica da verdade); a verdade constitúe o seu suxeito, non á inversa (dimensión militante da verdade). O segundo é a súa reivindicación dos mestres en filosofía, no seu caso Sartre, Lacan e Althusser, e as consecuencias nefastas que ten practicar unha negación autodestrutiva da profesión filosófica. Esta reivindicación inclúe aos “compañeiros, de vida e pensamento, do filósofo”, que amosan que a propia filosofía é unha forma de compañeirismo ou sociedade dos amigos.

En fin, estamos diante dunha escolma de textos que debuxan a contorna dunha filosofía ampla (con dimensións ontolóxicas, epistemolóxicas, lóxicas, morais) practicada por un filósofo con conciencia de si e unha entrega inequívoca á construción dun edificio filosófico actual, útil e exemplar.

Miguel Ángel Martínez Quintanar